



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/1	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «SORTEO MESAS ELECTORAIS»
Data	3 de abril de 2019
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:00 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	Rocío López García
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45432900B	ANA BELÉN MARTÍNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
33995905L	Francisco Javier Rodríguez Barrera	SÍ
76565789P	Josefa Rodríguez Lorenzo	NON
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
71865319W	Manuel Arango Ron	SÍ
77595087X	María Emma Álvarez Chao	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33803722R	Miguel Castrillón Fernández	SÍ
77592743N	Pablo Maseda Fernández	SÍ
76580879X	Rocío López García	SÍ
77596320R	Ángel Fernández Villalba	SÍ

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

Escusas de asistencia presentadas:

1. Josefa Rodríguez Lorenzo:
«MOTIVOS PERSOAIS»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 266/2019. SORTEO PARA FORMACIÓN MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS XERAIS 2019.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimida de/Asentim ento

Considerando a publicación da convocatoria para a celebración de Eleccións Xerais o próximo día 28/10/2019 mediante Real Decreto 129/2019 de 4 de marzo (BOE. Núm. 55 de 05/03/19), o Pleno do Concello de Lourenzá reuniuse as 20,30 horas, en sesión pública, a fin de dar cumprimento ao indicado no artigo 26 da vixente Lei 5/1985 Orgánica do Réxime Electoral Xeral, de 19 de junio.

Cumpridas todas as formalidades legais establecidas, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Formar as Mesas Electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se sinalan para as próxima ELECCIÓNS XERAIS a celebrar o día 28 de abril do 2019, a saber:

SECCIÓN 001- MESA: A

TITULARES					
PRESIDENTE D/D ^a .	PATRICIA CRESPO LORIGADOS	DNI.	33539356C	Nº	135
1º VOCAL D/D ^a .	NOELIA LÓPEZ PIÑEIRO	DNI.	34636035J	Nº	470
2º VOCAL D/D ^a .	ANTÓN EXPÓSITO RODRÍGUEZ	DNI.	33556190H	Nº	201
SUPLENTE					
DE PRESIDENTE D/D ^a .	M ^a . CRISTINA IGLESIAS DOCAMPO	DNI.	33348009X	Nº	354
DE PRESIDENTE D/D ^a .	M ^a MONTSERRAT GARCÍA FDEZ.	DNI.	76580634H	Nº	281
DE 1º VOCAL D/D ^a .	JORGE GONZÁLEZ PALACIOS	DNI.	33994144Y	Nº	330
DE 1º VOCAL D/D ^a .	MARÍA REYES LÓPEZ RODRIGUEZ	DNI.	33318288M	Nº	475

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

DE 2º VOGAL D/Dª.	MARÍA EVA LONGARELA LÓPEZ	DNI.	76555752E	Nº	408
DE 2º VOGAL D/Dª.	RAQUEL FREIRE CASTRO	DNI.	33317422J	Nº	268

SECCIÓN 001- MESA: B

TITULARES					
PRESIDENTE D/Dª.	JUAN ANTONIO RODRIGUEZ VILLAMEL	DNI.	77594955Q	Nº	297
1º VOCAL D/Dª.	RAMIRO ROMERO LÓPEZ	DNI.	76580621M	Nº	299
2º VOGAL D/Dª.	MÓNICA SANTE MARTIN	DNI.	34880237R	Nº	338
SUPLENTES					
DE PRESIDENTE D/Dª.	DELFINO MARIÑA GONZÁLEZ	DNI.	77292182A	Nº	8
DE PRESIDENTE D/Dª.	PILAR OROL MEL	DNI.	33998790Y	Nº	73
DE 1º VOGAL D/Dª.	ANA MARÍA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ	DNI.	76565763M	Nº	247
DE 1º VOGAL D/Dª.	JOSE SANTE BAAMONDE	DNI.	76559009J	Nº	336
DE 2º VOGAL D/Dª.	ALBA RODRÍGUEZ LÓPEZ	DNI.	71892498H	Nº	271
DE 2º VOGAL D/Dª.	DAVID VIZOSO OTERO	DNI.	76584822C	Nº	453

SECCIÓN 002- MESA: A

TITULARES					
PRESIDENTE D/Dª.	CONCEPCIÓN BARGO OTERO	DNI.	76558891X	Nº	13
1º VOCAL D/Dª.	ANGEL RODRÍGUEZ AENLLE	DNI.	35622109P	Nº	175
2º VOGAL D/Dª.	JAVIER BARCIA IGLESIAS	DNI.	77596178C	Nº	11
SUPLENTES					
DE PRESIDENTE D/Dª.	MARÍA CANDIA POLO	DNI.	33344320R	Nº	23
DE PRESIDENTE D/Dª.	ANGEL JAVIER GREGORIO ACEBO	DNI.	77595491T	Nº	79
DE 1º VOGAL D/Dª.	ANA RON VENTOSO	DNI.	34635761S	Nº	187
DE 1º VOGAL D/Dª.	CARMEN BARGO MASEDA	DNI.	34638391T	Nº	12
DE 2º VOGAL D/Dª.	ROCÍO FERNANDEZ VÁZQUEZ	DNI.	77597590Y	Nº	64
DE 2º VOGAL D/Dª.	ELDA RIVAS ARIAS	DNI.	76566150R	Nº	152

SECCIÓN 002- MESA: B

TITULARES					
PRESIDENTE D/Dª.	NATALIA BOUSO BOUSO	DNI.	34637936M	Nº	36
1º VOCAL D/Dª.	MARÍA EDITA RODRIGUEZ. IGLESIAS	DNI.	77592724Q	Nº	256
2º VOGAL D/Dª.	JAVIER PEREZ ANDIÓN	DNI.	76558908G	Nº	204
SUPLENTES					
DE PRESIDENTE D/Dª.	VERÓNICA LOUREIRO SÁNCHEZ	DNI.	34638618C	Nº	164
DE PRESIDENTE D/Dª.	LUCAS SAAVEDRA SECO	DNI.	77597293P	Nº	270
DE 1º VOGAL D/Dª.	PABLO RICO CARRACEDO	DNI.	34637004Q	Nº	233
DE 1º VOGAL D/Dª.	CARLOS REIGOSA BRAÑA	DNI.	33538928Y	Nº	227
DE 2º VOGAL D/Dª.	EDUARDO REIGOSA LORIGADOS	DNI.	33829346A	Nº	229
DE 2º VOGAL D/Dª.	JOSÉ CRUZ ALONSO	DNI.	76558953A	Nº	61

SECCIÓN 002- MESA: C

TITULARES					
PRESIDENTE D/Dª.	Mª GUADALUPE FLÓREZ SEIVANE	DNI.	33997653L	Nº	119
1º VOCAL D/Dª.	MÓNICA MARÍA TARRÓN LOUREIRO	DNI.	77595027L	Nº	294

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

2º VOGAL D/Dª.	SONIA GAVINO REIGOSA	DNI.	33549271E	Nº	138
SUPLENTES					
DE PRESIDENTE D/Dª.	MARÍA NINA VIDAL GARCÍA	DNI.	33852102N	Nº	338
DE PRESIDENTE D/Dª.	VANESA FERNÁNDEZ SANTE	DNI.	76581565Y	Nº	99
DE 1º VOGAL D/Dª.	Mª. CARMEN RECALDE VARELA	DNI.	76565728Q	Nº	252
DE 1º VOGAL D/Dª.	RAMONA AMEIRO LÓPEZ	DNI.	77592716P	Nº	15
DE 2º VOGAL D/Dª.	ROSENDO VALIÑA BOUSO	DNI.	77592709R	Nº	300
DE 2º VOGAL D/Dª.	JUAN MANUEL VALIÑA VALIÑA	DNI.	76565744D	Nº	309

SEGUNDO.- Notificar a referida designación como Presidente e Vocais das Mesas Electorais, ós interesados, no prazo de tres días.

TERCEIRO.- Comunicar o presente Acuerdo á Xunta Electoral de Zona de Mondoñedo.

APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 28/02/2019.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 9, En contra: 0,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Iniciado este punto, a voceira do P. Popular, Sra. Álvarez Chao fixo constar a súa desaprobación ao feito de non incluír o apartado de Rogos e Preguntas nesta sesión posto que non se fixera o pleno ordinario de marzo e por cortesía á oposición debería terse incluído nesta de abril, ó que por parte do Sr. Arango Ron replicóuselle que xa foran incluídos na sesión plenaria de carácter extraordinario celebrada o pasado mes de febreiro, ó que volvéuselle a replicar pola Sra. Álvarez Chao, que esa sesión correspondía á ordinaria de xaneiro que non se celebrara.

Seguidamente, preguntados os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data vinte e oito de febreiro do dous mil dezanove (28/02/19), distribuída coa convocatoria, por parte do concelleiro do B.N.G., Sr. Fernández Villalba indicouse que el ía absterse porque non aparecían recollidos na acta varios comentarios que sobre a súa persoa fixera a concelleira Dengra Sixto.

Así pois o borrador da acta foi aprobado con nove votos a favor, do P.S. de G.-P.S.O.E. e Partido Popular e unha abstención do B.N.G.

Expediente 192/2019. PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA. MODIFICACIÓN CONVENIO ADHESIÓN.

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

Unanimidade/Asentime
nto

A continuación deuse conta do escrito achegado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), de data 06/02/19, rexistrado o día 06/03/2019 co núm. 456 e no que se informa que, con motivo dos recentes cambios normativos, especialmente a nova Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia e a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, propónse unha modificación do Convenio de Adhesión coa APLU que fora asinado o 17/02/2009 (DOG. Do 27/02/2009), para dar resposta ás demandas municipais de asunción por parte da APLU da disciplina urbanística en relación coas obras e uso suxeitos a comunicación previa e a resolución dos recursos administrativos por parte da Axencia.

Así, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, e polo tanto co quórum de maioría absoluta esixido polo Decreto 213/2007 do 31 de outubro polo que se aproban os Estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, para a modificación dos convenios de adhesión, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a PROPOSTA DA ALCALDÍA de data 14/03/2019, nos termos nos que está redactada e que son os que se transcriben a continuación:

“Visto o escrito achegado polo Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante APLU), de data 06/02/2019, rexistrado de entrada o día 06/03/19 co núm. 456 e no que se PROPÓN a modificación das competencias delegadas na dita Axencia, cuio Convenio fora aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o dezanove de xaneiro do dous mil nove (19/01/2009), sendo asinado o día 17/02/2009 e publicado no Diario oficial de Galicia o día 27/02/2009.

Dita modificación ven dada fundamentalmente polos cambios normativos acaecidos, especialmente a nova Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ao instaurar o réxime de comunicación previa e licenzas como títulos habilitantes, fronte á tradicional intervención administrativa exclusivamente mediante a licenza como control previo de calquera actuación con contido urbanístico.

Por todo isto propónse a modificación que se propón ten como obxectivo o feito de prestar un maior e mellor servizo aos concellos que veñen demandando a asunción por parte de APLU da disciplina urbanística en relacións as obras e usos suxeitos a comunicación

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

previa e a resolución dos recursos administrativos por parte da Axencia, incluído tamén un novo réxime de financiamento, máis atractivo e coa finalidade de reverter no territorio un maior porcentaxe das multas e sancións recadadas.

Así pois, por esta Alcaldía, propónse ao Pleno a adopción do seguinte Acordo de MODIFICACIÓN das estipulacións do CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, aprobado no seu día na sesión plenaria de 17/02/2009 e que son ás que a continuación se enumeran:

Primeira.- A modificación da estipulación segunda, "DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS", nos seguintes termos:

A) Engádesse o parágrafo primeiro bis co seguinte teor literal:
"1bis.-COMUNICACIÓNS PREVIAS. *As competencias recollidas no parágrafo anterior amplíanse a obras e usos do solo que se executen sen comunicación previa ou sen axustarse ás súas condicións.*

No caso de infraccións relativas a obras e usos suxeitos a comunicación previa serán tramitados unicamente os referidos a denuncias remitidas polos concellos adheridos, debendo achegar informe técnico municipal.

Nesta ampliación de competencias non está incluída a inspección, a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio que serán exercidas polo concello."

Modifícase o parágrafo Terceiro e onde dicía:

"3.- A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderalle ao concello. Para resolver o recurso deberá solicitarse informe da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Cando se reciba o escrito de interposición de recurso na Axencia, esta deberá remitirillo ao concello co seu informe e unha copia completa e ordenada do expediente administrativo, no prazo de 20 días."

Deberá dicir:

"3.- A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas, corresponderalle igualmente á Axencia, despois do informe previo do Concello, que deberá emitirse no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal, continuarase coa tramitación do recurso."

Segunda.- Modifícase a estipulación terceira "RÉXIME ECONÓMICO", e onde dicía:

"Terceira.- Contribución ao sostemento da Axencia.

I.- O concello de Lourenzá contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística coas seguintes achegas económicas: a) 50% do produto das multas coercitivas impostas pola Axencia para a execución das ordes de reposición da legalidade ditadas no exercicio das competencias delegadas polo concello.

b) O 50% do importe das sancións impostas pola Axencia aso responsables de infraccións urbanísticas en exercicio das competencias delegadas polo concello.

II.- O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia en exercicio de competencias delegadas polo concello serán ingresadas polos suxeitos obrigados directamente na

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

conta xeral da Axencia. No supostos de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Economía e Facenda, o seu cobro por vía de constrinximento.

Deberá dicir:

“Terceira.- Réxime Económico.

O réxime económico do presente convenio establécese coas seguintes condicións:

a) O Concello terá dereito ao 10% do produto das multas coercitivas e sancións e como máximo trinta mil euros anuais, efectivamente recadados pola Axencia no termo municipal de Lourenzá, tanto en exercicio de competencias propias como delegadas.

2.-O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia, en exercicio de competencias delegadas polo concello, serán ingresadas polo suxeitos obrigados directamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobro pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao Concello unha cantidade equivalente ao 10% dos ingresos percibidos, e como máximo trinta mil euros anuais, polas multas coercitivas e sancións redadas no seu termo municipal.

Este modelo de financiamento será de aplicación ás multas coercitivas e sancións impostas a partir da entrada en vigor do Convenio, sen afectar ás multas e sancións impostas en períodos anteriores, aínda que se recaden unha vez entre en vigor o Convenio.”

Terceira.- No tocante a estipulación carta “OBRIGACIÓNS ASUMIDAS POLO CONCELLO”, modifícanse as obrigas contempladas nas letras “c” e “f”, nos seguinte termos, onde dicía:

“c) prestar auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar aos responsables de posibles infraccións.

f) contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión.”

Deberá dicir:

“c) cando o concello remita denuncias por obras e usos do solo sen título habilitante ou sen axustarse ás súas condicións, deberá remitir un informe técnico con contido suficiente para a incoación dos expedientes administrativos que procedan. En todo caso, e como mínimo, deberán identificarse as persoas responsables da actuación inspeccionada, as obras obxecto do expediente así como os incumprimentos da normativa urbanística.

f) emitir informe previo á resolución dos recursos administrativos interpostos contra actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas, no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal, continuarase coa tramitación do recurso.”

Cuarta.- Engádese a CLÁUSULA OITAVA no relativo a protección

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

de datos co seguinte tenor literal:

“Oitava.- Protección de Datos de Carácter Persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG. Núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG. Núm.149 do 3 de Agosto).

Quinta.- Prazo de vixencia do Anexo.

“Esta modificación entrará en vigor ao diga seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e o seu prazo de vixencia será indefinido.

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para a sinatura do novo convenio modificado así como para o resto de xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Expediente 243/2019. EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

Neste punto da orde do día, pola Alcaldía explicouse que, dada a cercanía co Concello de Mondoñedo, consideraban que para as familias do Concello de Lourenzá era máis interesante e conveniente que o Concello asinara o convenio con este concello en lugar de facelo co Concello de Burela como o tiñan feito ata o momento. Aberto o debate por parte da voceira do P. Popular, Sra. Álvarez Chao, preguntouse porque se asinaba agora en non en novembro como o resto dos concellos, ao que tanto por parte da Alcaldía como da delegada de asuntos sociais, Sra. Dengra Sixto, informáronlle que non foran convocados a esa primeira reunión onde estaban o resto dos alcaldes posto que tñíase asinado o convenio co Concello de Burela e despois , unha vez se puxeran en contacto con elas, consideraron que antes de traelo ó pleno, era mellor ir a Mondoñedo, para ver as instalacións e falar con eles.

Dado por finalizado o debate, o Pleno , en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ACORDA:

PRIMEIRO.-Aprobar o Convenio de Colaboración Marco para a encomenda de xestión de prestación do Servizo de Atención Temperá no marco da Rede Galega de Atención Temperá, sendo o seu contido literal o que segue:

“No concello de Mondoñedo a 01 de novembro do 2018, REUNIDOS Os/as Sres. e Sras. alcaldes/-as dos seguintes Concellos: Abadín, don José María López Rancaño; Barreiros, don Alfonso Fuente Parga; Mondoñedo, dona María Elena Candía López; Pastoriza, dona Elba Carrera González; Riotorto, don Clemente Iglesias González; Trabada, dona Mayra García Bermúdez,

Actuando todos/-as en nome e representación do seu referido Concello e no exercicio do seu cargo, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA) e recoñecéndose mutuamente plena capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio, EXPOÑEN:

Primeiro. -A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.-De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, existe a posibilidade de realización

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro. -No artigo citado no punto anterior, establécese que a formalización da encomenda de xestión debe realizarse mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto. - No Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá reflíctese no seu artigo 3 entre os principios reitores o de descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. En consecuencia, o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación recoñécese como o idóneo para o desenvolvemento deste tipo de servizo.

Quinto. - A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e **xestionar de forma compartida** as actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sexto. - Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sétimo. - Tanto a LRBR como a LALGA e a Lei 40/2017, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Oitavo. - Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúrase como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá), mediante o presente convenio segundo as seguintes CLAUSULAS:

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración, así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do Servizo de Atención Temperá, sendo encomendada ao Concello de Mondoñedo, para a súa prestación de forma integral nos termos da Orde da Consellería de Política Social da Subvención para prestar o Servizo de Atención Temperá no marco da Rede Galega de Atención Temperá cofinanciadas polo P.O. FSE Galicia 2014-2020, que sae publicada todos os anos no Diario Oficial de Galicia

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

SEGUNDA. ÁMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos seguintes concellos: Abadín, Barreiros, Lourenzá, Mondoñedo, Pastoriza, Riotorto, Trabada.

TERCEIRA. OBXECTIVO DE COLABORACIÓN

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- a) Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- b) Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- c) Minorar os custos antieconómicos da prestación.
- d) Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- e) Valorizar os recursos dispoñibles.

CUARTA. -XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO

A xestión do servizo será realizada polo concello de Mondoñedo e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo: aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Condicións concreta das condicións de prestación do servizo:

1.-O obxecto do servizo de atención temperá estará exclusivamente integrado polo conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e o seu contorno, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. A atención estenderase ata a data de finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta.

2.-Respecto do equipo humano de traballo encargado da prestación:

- a) Contará cun mínimo de 3 integrantes.
- b) Será interdisciplinar, polo que estará integrado por profesionais tales como psicólogos/as, psicopedagogos/as, logopedas, traballadores/as sociais, educadores sociais, terapeutas ocupacionais, que deberán posuír:
 - Formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou apoio familiar
 - Ou, alternativamente, acreditar experiencia suficiente nestas materias: mínimo de 1 ano.

De acordo co establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais, para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, os servizos de atención temperá deberán comprender as prestacións de:

- 1.-Diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento dos/das nenos/as.
- 2.-Desenvolvemento psicomotor.

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

- 3.-Desenvolvemento cognitivo.
- 4.-Desenvolvemento da linguaxe e comunicación.
- 5.-Desenvolvemento da autonomía.
- 6.-Desenvolvemento da área social e afectiva.
- 7.-Apoio, información, habilitación e formación da familia.

A prestación do servizo deberá realizarse en horario de mañá e, un mínimo de dous días á semana, en horario de tarde.

Este convenio abrangue tamén a posibilidade de contratación por un dos concellos, na forma que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

QUINTA. COMISIÓN MIXTA. COORDINACIÓN

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos deles..

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán:

- a)O seguimento da xestión do servizo.
- b)Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo.
- c)A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.
- d)A elaboración das súas normas internas de xestión.
- e)A interpretación do convenio.
- f)A proposta, se é o caso, de addendas.
- g)Intervención previa á resolución por incumprimento.
- h)Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- i)Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo

SEXTA. ELABORACIÓN DO CATÁLOGO DE CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO E MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS

Os plenos dos concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta, de ser o caso.

Neste mesmo prazo, deberán proceder e modificar, se é o caso, as ordenanzas ou regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

servizo, co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da comisión.

SÉTIMA.- SUBVENCÍONS E AXUDAS

Para a xestión do servizo ACÓRDASE solicitar a subvención ante a Consellería de Política Social onde se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento BS700A).

Para os efectos de formular solicitude de acordo co disposto na orde, reflíctense no ANEXO, as condicións concretas, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, así como o nomeamento do representante único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

OITAVA. FINANCIAMENTO

Os concellos comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será o seguinte: 1000 EUROS ANUAIS POR CONCELLO.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo*
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan*
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia*

No caso de resolución do convenio, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio entrará en vigor aos vinte días seguintes a súa publicación no BOP de Lugo. Terá una vixencia de un ano, prorrogándose automaticamente por períodos anuais en tanto non exista convenio ou acordo que o modifique, substitúa ou revoque.

UNDÉCIMA. NATUREZA DO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación será resoltas pola comisión de seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para resolución de

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DUODÉCIMA. NORMATIVA APLICABLE

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. XURISDICIÓN COMPETENTE.

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan na cabeceira.

ADDENDA AO CONVENIO

Con data de 01 de novembro de 2018 firmase de novo o Convenio de Colaboración Marco para a encomenda da xestión para a prestación do servizo de Atención Temperá entre os Concellos de Abadín, Barreiros, Mondoñedo, Pastoriza, Riotorto e Trabada.

Con data de 02 de Abril do 2019, por acordo plenario, solicita formar parte de este Convenio o Concello de Lourenzá, polo que se procede de novo a firma do mesmo por parte de todos os integrantes coa incorporación do Concello de Lourenzá no mesmo.

SEGUNDO.- Nomear como membros da Comisión Xestora ó Alcalde/Alcaldesa e a concelleiro/a delegado de Asuntos Sociais.

TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo ó Concello de Mondoñedo e ó Concello de Burela para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Expediente 200/2019. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO P.A.I. "MENIÑOS" DE LOURENZÁ".

Favorable

Tipo de votación:

Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 3,
Ausentes: 0

Seguidamente e neste último punto, pola Alcaldía indicouse da necesidade da modificación do Regulamento e unha vez aberto o debate, por parte da voceira do Partido Popular, Sra. Álvarez Chao, indicouse que o seu grupo ía absterse porque, como dixeran noutra ocasión, non estaban de acordo coa redución do horario e como podía verse no regulamento que se pretendía modificar, seguían na mesma liña.

A continuación pasouse á votación, e o Pleno con sete votos a favor, do B.N.G. e do P.S. de Galicia-P.S.O.E e tres abstencións, do Partido Popular, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

está redactada e que literalmente son os que se transcriben a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA.- Visto que pola Directora do P.A.I. "Meniños" de Lourenzá, presenta un informe sobre a necesidade da MODIFICACIÓN do Regulamento do Punto de Atención á Infancia "Meniños" de Lourenzá que fora aprobado na sesión plenaria de 20/05/2013, e exposto ó público durante trinta días hábiles mediante anuncio no B.O.P. núm. 122 de 29/05/2013 sen que se presentaran reclamacións e polo tanto elevándose a definitivo o dito acordo plenario.

Visto que consta no expediente informe de Secretaría-Intervención sobre os pasos a seguir para a súa modificación, esta Alcaldía propón ó Pleno as seguintes modificación do citado Regulamento:

PRIMEIRA.- Iniciaríase coa modificación do nome así como o encabezamento do citado Regulamento, que sería o seguinte: **"REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA "MENIÑOS" DO CONCELLO DE LOURENZÁ"**.

- Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais, artigo 7 b) do referido decreto que establece como un dos requisitos funcionais o dispor dunhas normas de funcionamento.

- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

- Decreto 330/2009 de 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil.

SEGUNDA.- Ampliáase a redacción do **Artigo 1- Obxecto**, engadíndose dous parágrafos, quedando redactado da seguinte forma:

"Artigo 1.- OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI) pertencente ó Concello de Lourenzá.

Os Puntos de atención á infancia (PAI) defínense como aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais, titores ou gardadores dos/as nenos/as de entre 3 meses e 3 anos canco concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o seu coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

O obxecto destes puntos é a prestación dunha atención asistencial en concellos que por baixa poboación infantil ou outras circunstancias económico-sociais, necesitan prazas para a atención do colectivo de nenos/as entre 0 e 3 anos pero non precisan crear escolas infantís 0-3. Entendida a súa concepción como instrumento de desenvolvemento rural autorizaranse, analizadas as condicións anteriores, en concellos con menos de 5.000 habitantes. En concellos con maior poboación a autorización estará vinculada á necesidade de novas prazas asistenciais e á súa complementariedade coas ofertadas polas escolas infantís 0-3.

TERCEIRA.- Modifícase o contido do **Artigo 2.- Datos do Centro e Ámbito de Aplicación**, quedando redactado da seguinte forma:

Artigo 2.- DATOS DO CENTRO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

NOME DO CENTRO: Punto de Atención á Infancia "Meniños" de Lourenzá.

ENDEREZO: a) Avda. de Soutelo nº 12, baixo (planta baixa da Casa da Xuventude),

27760 Lourenzá.

b) Teléfono: 982 122 025

c) Email: paimeninos@gmail.com

RESPONSABLE: M^a Mercedes Fernández Docampo

COORDINADORAS: Sandra Cibreiro Vizoso/Nina Vidal García

TITULARIDADE

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

ENTIDADE TITULAR: Concello de Lourenzá

ENDEREZO: Praza Conde Santo s/n

REPRESENTANTE LEGAL: O/a Alcaldes/esa do Concello de Lourenzá.

Nº REXISTRO ENTIDADES PRESTADORA DE SERVICIOS SOCIAIS.- RUEPSS: E-525.

AUTORIZACIÓNS

DATA DE PERMISO DE INICIO DE ACTIVIDADE.- PIA: 18 DE xullo de 2006.

TIPO DE XESTIÓN: Directa.

CUARTA.- Suprímese o ultimo parágrafo do Artigo 3.- Función, quedando polo tanto coa seguinte redacción:

“Artigo 3.- FUNCIÓN

O PAI cumpre unha función eminentemente social e educativa, proporcionando ós seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos e nenas.

Este centro organizará o coidado dos nenos e nenas co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias mediante a súa garda e custodia, e cooperará estreitamente cos pais, nais e titores ou representantes legais para contribuír á mellor integración entre o centro e as familias.

QUINTA.- Engádesse un primeiro parágrafo o Artigo 4.- Obxectivos, quedando polo tanto redactado da seguinte forma:

“Artigo 4.- OBXECTIVOS

O Punto de Atención á Infancia “Meniños” ten como obxectivo ofrecerlles ós nenos e nenas afecto, estima, confianza, apoio e un ámbito adecuado para que desenvolvan os diferentes aspectos da súa personalidade, para que experimenten e busquen respostas á súa curiosidade e para que descubran, exploren e observen, potenciando o interese.

Son obxectivos específicos deste centro:

- Garantir a seguridade dos nenos e nenas e cubrir as súas necesidades fisiolóxicas.
- Promover e fomentar o desenvolvemento integral e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a.
- Estimular o desenvolvemento das capacidades intelectuais, motrices, sociais e emocionais dos nenos e nenas.
- Facilitar a conciliación entre a vida familiar e laboral, especialmente no caso da muller.
- Respetar a singularidade e diversidade de cada neno e nena.
- Potenciar a creatividade, interese e curiosidade polo descubrimento.
- Facilitar a integración progresiva dos nenos e nenas na cultura do seu entorno.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e de grupo nas actitudes e nas actividades diarias.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais.
- Potenciar a convivencia, posto que favorece a igualdade entre persoas de diferentes sexos, culturas e capacidades físicas e psíquicas.
- Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais, atendendo as súas necesidades e características especiais.
- Potenciar a iniciativa dos nenos e nenas para que intenten resolver os seus problemas e adquiren maior autonomía.
- Favorecer os aspectos de colaboración en lugar de competencia, para inculcar ós nenos e nenas un sentido de grupo.
- Facilitar a estancia en outra casa ós nenos e nenas de 0 a 3 anos.

SEXTA.- Engádesse un novo Artigo 5, denominado Servizos Básicos, sendo o seu contido o que segue:

“Artigo 5.- SERVIZOS BÁSICOS

1.- Atención asistencial e educativa, a través dun proxecto educativo propio que

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

se axusta na súa estrutura ao Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Dito proxecto educativo recolle, de xeito explícito, o tratamento lingüístico do centro, a coeducación e a atención á diversidade mediante a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa. Ademais ten en conta o carácter globalizado da intervención educativa tanto en canto que un mesmo contido desenvolve obxectivos das distintas áreas da aprendizaxe e as necesidades educativas especiais dos nenos/as.

2.- Servizo de Cociña, entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as. As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola para alimentar aos seus fillos/as co compromiso a levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do neno/a e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

3.- O PAI non presta os servizos de comedor nin de transporte.”

SETIMA.- O Artigo 7.- Prazas e Idades, pasa a ser o Artigo 6.-Prazas e Idades, engadíndose un novo parágrafo e quedando coa seguinte redacción:

“Artigo 6.- PRAZAS E IDADES

O PAI conta con 20 prazas autorizadas, reservándose en todo caso, un mínimo de 1 praza para os casos considerados de carácter urxente polos servizos sociais municipais.

Poderán solicitar praza no PAI dependente do Concello os nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos.”

OITAVA.- O Artigo 9, Solicitudes de Ingreso, pasa a ser o Artigo 7.- Solicitudes de Ingreso, cunhas pequenas variacións, como o feito de requirir catro fotos en lugar de dúas, ou de engadir ademais de pais e nais aos “representantes legais” e polo tanto quedaría redactado da seguinte forma:

“Artigo 7.- SOLICITUDES DE INGRESO

As solicitudes de novo ingreso facilitaranse no PAI e presentaranse directamente no mesmo centro, debendo achegar xunto coas solicitudes a seguinte documentación:

1.- Documentación xustificativa da situación familiar:

a) Libro de Familia onde apareza o neno ou nena a ingresar no PAI.

b) Fotocopia do DNI ou pasaporte dos pais ou titores/as ou representantes legais.

2.- Documentación complementaria:

a) Fotocopia do Carné de vacinación actualizado, con carácter voluntario.

b) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social ou documento equivalente.

c) Catro fotografías tamaño carné.

d) Autorización por escrito das persoas que poden recoller ó neno ou nena.

e) Autorización dos pais para o uso da imaxe persoal do seu fillo ou filla.

f) Informe dos pais, nais ou titores no caso de que o menor manifeste algún tipo de alerxia alimenticia (lactosa, gluten, etc.) e física (a materias como ceras, pinturas, tecidos, etc.)

3.- Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas ou sociais que inflúan na admisión dos nenos e nenas.

a) Informe dos equipos de valoración e orientación dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou órgano competente na materia na Administración do Estado ou nas correspondentes comunidades autónomas sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración no caso de nenos e nenas con discapacidades.

b) Informe dos servizos do Concello sobre a inclusión da familia do neno e nena nos programas de intervención familiar da Consellería de Sanidade ou da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que veñan desenvolvendo os devanditos servizos sociais do Concello.

c) Título de familia numerosa.

d) Calquera outro que dea constancia da especial situación familiar.”

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

NOVENA.- O Artigo 10, pasa a ser o Artigo 8.-Solicitud de Reserva de Praza, engadíndose unicamente aos termos de pais, nais e titores, a terminoloxía dos “representantes legais”, e polo tanto quedando da seguinte forma:

“Artigo 8.- SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA.

Os pais, nais e titores/as ou representantes legais dos nenos e nenas matriculados e con praza no PAI presentarán a solicitude de reserva de praza no PAI, no que se lle facilitará o correspondente impreso.

Os nenos e nenas que fosen admitidos/as, terán garantido o acceso ós novos cursos do mesmo ciclo sen necesidade dun proceso de admisión.

DÉCIMA.- O Artigo 11 pasa a ser o Artigo 9.- Concesión do Ingreso, modificándose e ampliándose a súa redacción que queda da seguinte maneira.

“Artigo 9.- CONCESIÓN DO INGRESO.

A concesión do ingreso no PAI quedará sempre supeditada ó número de prazas vacantes, comezando polas solicitudes presentadas en primeiro lugar.

As prazas adxudícaranse no seguinte orde:

a) *Renovación de praza.*

Os nenos/as escolarizados/as durante o curso anterior terán dereito á renovación automática da súa praza.

As persoas usuarias só poderán variar o horario establecido na solicitude, de haber prazas vacantes no horario solicitado.

b) *Novo ingreso. As prazas adxudícaranse polo seguinte orde:*

1. *Os/as fillos/as do persoal que preste servizo no P.A.I., cando soliciten praza para o centro onde preste servizo a nai, o pai ou titor/a legal.* 2. *As persoas solicitantes con irmán ou irmá con praza no centro.*

3. *A selección do resto das solicitudes efectuarase en función por orde de presentación de ditas solicitudes.*

4. *Cando un irmán ou irmá do solicitante teña praza renovada no centro, o neno/a será admitido automaticamente sempre que exista vacante. Os admitidos recibirán notificación por escrito da resolución e disporán dun prazo de 10 días para confirmar a praza.*

Non poderán ser admitidos alumnos/as que estean matriculados/as simultaneamente noutro centro.”

UNDÉCIMA.- O Artigo 12, pasa a ser o Artigo 10.- Matriculación de Alumnos/as, non producíndose ningunha modificación no seu texto orixinal e quedando, polo tanto, coa seguinte redacción:

“Artigo 10.- MATRICULACIÓN DE ALUMNOS/AS.

1.-*Sen prexuízo dos recursos que procedan, segundo a lexislación vixente, en todo caso a matriculación realizarase do 1 ó 15 de xuño. Se ó longo de todo o ano quedasen prazas vacantes, procederase nese momento á formalización da matrícula, con excepción do primeiro ano de funcionamento.*

2.-*Se finalizado o período de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.*

3. *As solicitudes que non acadaran praza no PAI pasarán á lista de espera. As vacantes que se vaian producindo ó longo do curso serán cubertas por rigorosa orde.”*

DUODÉCIMA.- O Artigo 13, pasa a ser o Artigo 11.-Ficha Persoal e Libro de Rexistro, non alterándose o seu contido, que é o seguinte:

“Artigo 11.- FICHA PERSOAL E LIBRO REXISTRO

No momento do seu ingreso, abríraselles a cada neno e nena unha ficha persoal na que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

O PAI contará cun libro rexistro de usuarios, este rexistro será obrigatoriamente diario co fin de recoñecer en todo momento que nenos e nenas están no centro.

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

Anotaranse no libro rexistro a hora de entrada e saída dos nenos e nenas, así como calquera outro apunte que a persoa encargada de cubrilo puidera apreciar nese momento e que considere conveniente salientar."

DÉCIMO TERCEIRA.- O Artigo 14 pasa a ser o Artigo 12.- Causas e Baixas, modificándose moi pouco o seu contido , no sentido de engadir tamén a referencia aos "representantes legais" , e engadir unha causa máis, o punto g), que pode dar lugar a baixa, quedando polo tanto coa seguinte redacción:

"Artigo 12.- CAUSAS E BAIAS.

1.-Causarase baixa no PAI por algunha das circunstancias seguintes:

a)Por incumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.

b)Por solicitude dos pais, nais e titores.

c) Por negativa a aboar a tarifa aplicable.

d) Por falsidade nos documento ou datos aportados coa solicitude.

e) Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro segundo a valoración dos servizos sociais.

f)Por incumprimento reiterado das normas do PAI, por parte dos pais, nais e titores/as ou representantes legais.

g)Por razóns que poidan xurdir, coa proposta da dirección do centro e resolución da Alcaldía.

As baixas producidas ó longo do curso escolar por calquera dos motivos anteriormente citados cubriranse coas solicitudes que quedasen na lista de espera en cada grupo de idade por rigorosa orde de chegada.

A decisión sobre as baixas que se produzan por algunha das causas anteriormente citadas correrá a cargo dun gabinete, formado pola asistente social, a educadora familiar e as tres educadoras infantís do Punto de Atención á Infancia "Meniños"."

DÉCIMO CUARTA.- Engádese un novo artigo, Artigo 13.-Período Mínimo de Adaptación, co seguinte contido:

"Artigo 13.- PERÍODO MÍNIMO DE ADAPTACIÓN

O Punto de atención á infancia cumprirá o período de adaptación ao que se refire o Decreto da Xunta de Galicia 330/2009, do 4 de xullo, que se establece o currículo da educación infantil.

O centro establece unha serie de medidas:

1.-Independentemente do momento de incorporación, efectuarase unha adaptación progresiva como mínimo durante a primeira semana, aumentando pouco a pouco os tempos de estancia no PAI e graduarse a incorporación en distintos días. Poderase aumentar ou diminuír este período en función das necesidades específicas de cada neno ou nena.

2.-O proceso de adaptación pódese alterar por mor de calquera circunstancia que as persoas educadoras xulguen necesario en función das características de cada neno/a.

3.-Se o/a neno/a se ausentase do centro longos períodos de tempo, cumprirá aplicar de novo o período de adaptación.

4.-No caso de que calquera dos anteditos aspectos non se cumbran na forma en que dispón este regulamento, non se admitirán os nenos e nenas no centro."

DÉCIMO QUINTA.- O artigo 16, con outra denominación (engádese ao título, o termo " Calendario de Funcionamento") pasa a ser o Artigo 14.- Horarios e Calendario de Funcionamento, ampliándose e especificándose máis o seu contido, que quedaría coa seguinte redacción:

"Artigo 14.- HORARIOS E CALENDARIO DE FUNCIONAMENTO

- O PAI poderá prestar servizo durante todo o ano, agás un mes ó ano en época estival para vacacións do persoal e limpeza xeral e desinfección do centro, sendo o mes de agosto.

- O PAI permanece aberto, de luns a venres ambos inclusive, excluídos os sábados, domingos e os días considerados festivos no calendario laboral. Permanecerá pechado os

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

días 24 e 31 de decembro.

- O horario de apertura do P.A.I. é de 8:30 h. a 17:00 h., aínda que establecerase cada curso escolar, dependendo da demanda que exista nese momento e podendo modificarse cando polas necesidades do servizo se precise e de acordo coas dispoñibilidades de recursos humanos e orzamentarios do Concello.

- As franxas horarias poderán ser reducidas no horario de peche establecido cando o número de nenos/as no centro sexa inferior ó 10% do número de prazas do centro.

- En ningún caso o/a neno/a que sexa recollido/a en último lugar poderá exceder a súa permanencia na escola máis alá de 30 minutos despois da saída do resto dos/as nenos/as.

- O P.A.I. pechará ás 15:00 horas os días 5 de xaneiro e luns de Entroido.

- Os/as nenos/as deberán ser recollidos/as ás 15:00 horas os días en que se celebren festas na escola en horario de tarde que esixan a participación do persoal e que estean previstas na programación anual. As datas serán notificadas mediante unha circular informativa a tódalas persoas usuarias.

- Cada curso escolar dará comezo na primeira semana de setembro, cando previamente se decida entre as educadoras do centro e a Alcaldía.

- O horario de apertura e peche figurará no taboleiro de anuncios do centro."

DÉCIMO SEXTA.- O artigo 17 pasa a ser o artigo 15.- Horario de Permanencia dos Nenos no P.A.I., co mesmo contido, engadéndose unicamente, como noutras ocasións, á referencia ós "representantes legais", cano se fai alusión a pais, nais e titores.

"Artigo 15.- HORARIO DE PERMANENCIA DOS NENOS NO PAI.

1. O horario de permanencia dos nenos e nenas no centro será con carácter xeral de oito horas diarias.

2. O horario de entrada-saída dos nenos e nenas no centro debe ser flexible segundo as necesidades da familia, sempre que non leven consigo a alteración das actividades dos demais nenos e nenas e do normal funcionamento do centro.

3. Ao final da xornada os nenos e nenas serán entregados a seus pais, nais ou titores ou representantes legais. Nos casos nos que estes autoricen a entrega do neno ou nena a outra persoa, esta deberá ser debidamente identificada."

DÉCIMO SETIMA.- Engádesse o Capítulo VI.- ESTRUCTURA ORGÁNICA, no que se inclúen dous artigos, o Artigo 16.- Organización Interna e o Artigo 17.- Procedemento para Substitucións e Imprevistos do Persoal, que terán o seguinte contido:

"Artigo 16.- ORGANIZACIÓN INTERNA

1. O PAI contará, en todo caso, co persoal especializado para a atención directa a nenos e nenas.

2.- Este persoal estará integrado por licenciados en pedagogía ou psicopedagogía, mestres especialistas en educación infantil, técnicos superiores en educación infantil ou equivalente, ou que estea en posesión dalgún dos cursos de especialización na materia que, cun mínimo de 300 horas, recoñeza o órgano competente para a autorización do centro.

Artigo 17.- PROCEDIMENTO PARA SUBSTITUCIÓN E IMPREVISTOS DO PERSOAL

Cando no persoal educativo do Punto de Atención á Infancia se produce unha baixa de longa duración, como pode ser, por exemplo, unha baixa por maternidade; a substitución desta educadora realízase mediante unha selección rigorosa de entre as persoas convocadas para cubrir temporalmente o posto, mediante unha proba escrita e baixo a supervisión exhaustiva dun tribunal.

Para a substitución dunha educadora nun momento puntual, ou por un ou varios días por enfermidade, a persoa que fai de apoio é sempre a mesma e pertence ao persoal laboral do concello. Esta persoa está sempre baixo a continua supervisión das outras educadoras do PAI."

DÉCIMO OITAVA.- Redáctase un novo artigo cos dereitos do persoal, incluíndose o Capítulo VII, Normativa Referente a todo o Persoal (substituíndo ó

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

anterior Capítulo XI Estrutura orgánica), que abarca dende o dezaioito ata o vinte, sendo o novo contido dos Artigo 18.- Dereitos do Persoal, e o Artigo 19.-Obrigas do Persoal, o seguinte:

“Artigo 18.- DEREITOS DO PERSOAL

Os dereitos, ademais dos outorgados pola lexislación, son:

1.-Presentar propostas que contribúan a melloralo funcionamento do centro e a atención prestada ós menores.

2.-Desenvolvelas súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axuste ós obxectivos da programación xeral e as liñas de traballo marcadas polos/as responsables do centro.

3.-A que se lle proporcionen, dentro das posibilidades do Concello, os instrumentos necesarios para o desenvolvemento das funcións de forma axeitada.

4.-A ser tratados con educación e respecto e dun xeito igualitario.”

“Artigo 19.- OBRIGAS DO PERSOAL.

As obrigas son as seguintes:

1.-Cumprir e facer cumprir acordo coas funcións do Regulamento de Réxime Interno.

2.Velar polo respecto dos dereitos dos/as menores recollidos neste Regulamento de Réxime Interno; así coma os da lexislación vixente.

3.-Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais dos/as menores.

4.-Cumprimentar das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto.

5.-Emitir de informes sobre o posible incumprimento das normas do centro polas persoas usuarias cando sexan requiridos ou supoñan a comisión dunha infracción das establecidas neste regulamento así como informes de necesidades educativas especiais para outras Administracións.”

DÉCIMO NOVENA.- O Artigo 22, pasa a ser o Artigo 20.- Relación de Persoal, modificándose lixeiramente o seu contido, quedando redactado do seguinte xeito:

“Artigo 20.- RELACIÓN DE PERSOAL

O persoal de atención directa aos nenos e nenas do Punto de Atención á Infancia “Meniños” está composto por tres Mestras especialistas en Educación Infantil. Desempeñará entre outras as seguintes funcións:

a)Coidar da orde, formación, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos nenos e nenas.

b)Elaborar unha memoria anual de actividades, e o proxecto organizativo do centro que defina o horario, calendario, persoas usuarias, a súa estrutura organizativa, o persoal e as súas funcións.

c)Elaborar e documentar as actividades de xestión.

d)Relación e coordinación cos pais, nais e titores legais, dun xeito individual.

e)Axudar os nenos e nenas en todo o necesario no momento das comidas, promovendo paulatinamente a súa autonomía. “

VIXÉSIMA.- O Capítulo XII do anterior Regulamento, é substituído polo CAPÍTULO VIII, NORMATIVA REFERENTE ÁS PERSOAS USUARIAS, e pasando de ser os artigos 24 e 25 a ser os Artigos 21.- Dereitos dos Nenos e Nenas, e o Artigo 22.-Obrigas, pero cun contido similar, que é o seguinte:

“Artigo 21.- DEREITOS DOS NENOS E NENAS

Son dereitos dos nenos/as usuarios/as do PAI “Meniños”:

a)Acceso ó centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

b)Consideración no trato debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como dos demais usuarios.

c)Sixilo profesional a cerca dos datos do seu historial sanitario e socio-familiar.

d)Realización de saídas ó exterior.

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

e) *Intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.*

f) *Facilidade de acceso á atención social, sanitaria, educación cultural e, en xeral a tódalas necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.*

g) *Tratamento individualizado de contido educativo cara á súa integración socio-familiar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.*

h) *Participación dos pais, nais ou titores nas actividades educativas como: festas escolares, contacontos, axudas na preparación de material para o traballo dos/das nenos/nenas.*

Artigo 22.- OBRIGAS

Son obrigas dos usuarios pasivos do PAI "Meniños", pais/nais, titores/as ou representantes legais:

a) *Pagamento das cotas mensuais polo servizo prestado polo PAI.*

b) *Notificación da baixa no centro do seu fillo ou filla.*

c) *Aviso telefónico da falta por enfermidade do fillo ou filla, ou por calquera outra causa.*

d) *Non asistencia á escola infantil de nenos e nenas que presenten: febre superior a 37°C, infeccións na boca (agás se se iniciou tratamento), erupcións na pel, parasitos intestinais (agás se se iniciou tratamento), piollos ou calquera outra evidencia de malestar físico do neno ou nena.*

e) *En caso de que soliciten o servizo de comida no centro, as familias facilitarán a diario o menú individual do seu fillo ou filla."*

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- O Artigo 21 pasa a ser o Artigo 23.- Normas de Seguridade, Saúde, Hixiene e Nutrición, mantendo case na súa totalidade o seu contido, engadíndose a parte referente á nutrición e quedando redactado da seguinte forma:

"Artigo 23.- NORMAS DE SEGURIDADE, SAÚDE, HIXIENE E NUTRICIÓN.

1. *Os nenos e nenas deberán acudir ó centro de atención á primeira infancia en condicións correctas de saúde e hixiene que non impliquen risco para sí mesmos nin para outros nenos e nenas.*

2. *Non serán admitidos no centro os nenos e nenas que padezan enfermidades infecto-contaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polos pais, nais, titores/as e representantes legais ó persoal do centro.*

3. *No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos e nenas no propio centro, informarase ós pais, nais ou titores/as ou representantes legais, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. O reingreso no centro só será posible unha vez transcorrido o período de contaxio e tras informe médico que acredite tal circunstancia.*

4. *No caso de enfermidade ou accidente no centro, despois das primeiras atencións e á maior brevidade posible, poñerase dita circunstancia en coñecemento dos pais, nais ou titores legais do neno ou nena, e se é o caso, procurarase que o neno ou nena reciba a atención médica adecuada, estando facultado o responsable do centro para autorizar nestes casos os desprazamentos necesarios a tal fin.*

5. *Cando se produza a falta de asistencia ó centro por un período superior a 3 días, debido a unha enfermidade ou outras circunstancias, os pais, nais ou titores legais deberán comunicar este feito ó centro.*

6. *Se un neno/a chegara a superar os 37°C de temperatura, obrigatoriamente terán que vir recollelo/a; non se administrará ningún antipirético.*

7. *Nos casos excepcionais nos que deban administrarse medicamentos ós nenos e nenas, deberán ir acompañados de receita médica, actualizada a data de tratamento, na que constará o nome do neno e nena, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na súa administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos pais, nais ou titores legais, indicando as horas de administración da dose correspondente. En todo caso, deberase evitar, na*

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

medida do posible, a toma de medicamentos no centro.

8.-Os pais, nais e titores/as ou representantes legais deberán proporcionar ó centro o material (cueiros, babeiros e calquera outra peza de roupa) necesario para unha axeitada atención e hixiene dos/as menores.

9.-Nos casos de período de lactación os pais, nais ou titores/as ou representantes legais deberán proporcionar ó centro a alimentación que veñan recibindo os menores, así como os elementos precisos para a súa administración.

10.-Todos os nenos e nenas que usen cueiros deberán traer un paquete e outro de toallíñas, que deberán repoñerse cando sexa preciso. Os nenos e nenas terán sempre unha muda completa de reposto, tamén un mandilón e unhas zapatillas.

11.-Os pais/nais ou titores/as e representantes legais dos alumnos/as do P.A.I. garantirán que os nenos/as acceden en perfecto estado de saúde, podéndolles solicitar dende a propia escola a súa acreditación mediante un certificado médico no que se indique que estes non padecen enfermidade infecto-contaxiosa en fase de contaxio.

12.-Se o neno/a ten piollos deberá quedar na casa ata queden eliminados.

13.-Os pais, nais e titores legais poñerán en coñecemento do centro calquera circunstancia persoal do neno ou nena que esixa unha especial atención.

ALIMENTACIÓN

1.-PAI prestaralles unha atención especial a aqueles nenos e nenas que precisen alimentos en formas ou horarios específicos. Os citados alimentos deberán ser subministrados pola familia.

2.-As/os traballadoras/es do centro comunicarán diariamente aos pais/nais como comeu o neno/a ese día, de forma persoal ou ben mediante a axenda escolar que o neno/a leva diariamente do centro con toda a información necesaria.

3.- En caso de que o neno/a non queira inxerir os alimentos, buscarase unha estratexia en común coas familias para buscar a solución.

4.-Os nenos/as non poderán levar ningún tipo de lambetadas ao centro.

5.-Para a administración de biberóns, as familias deberán proporcionar ao centro o material necesario. No caso de lactación materna se algunha nai se quere achegar ao centro para darlle a toma ao seu fillo/a, proporcionaráselle un lugar axeitado.

6.- Os pais/nais deixarán constancia de se o seu fillo/a é alérxico/a a algún alimento ou material ou ten algunha enfermidade, mediante un escrito certificado polo facultativo en cuestión (pediatra).

7.-No centro respectarase a vontade dos pais e nais naqueles aspectos relacionados ca hixiene, nutrición e saúde dos seus fillos/as se non supón unha alteración do funcionamento do centro."

VIXÉSIMO SEGUNDA.- O Artigo 5, divídese en dous, pasando a ser o Artigo 24.- Promoción da Integración e Artigo 25.-Fomento da Igualdade, pero mantendo exactamente o mesmo contido que no Regulamento anterior, que é o que segue:

"Artigo 24.- PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN.

1.-O Punto de Atención á Infancia promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais, sempre e cando se conte cos recursos materiais e humanos necesarios.

2.-A integración de nenos e nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais estará supeditada á existencia de condicións de infraestrutura idóneas e de persoal axeitado e suficiente no cadro de persoal do centro. As súas demandas serán tidas en conta dende o primeiro momento da súa integración.

3.-A decisión sobre a integración de nenos e nenas con algún tipo de discapacidade será encomendada ó gabinete educativo (asistente social, educadora familiar e educadoras infantís). En ningún caso poderá haber máis dun neno ou nena de integración por aula. A efectos de cómputo, estas prazas contabilízanse como dúas.

Artigo 25.- FOMENTO DA IGUALDADE

O PAI programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas e

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo.”

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O Artigo 23, pasa a ser o Artigo 26.- A Linguaxe, no variando o seu contido, que é o seguinte:

“Artigo 26.- A LINGUAXE

A lingua utilizada en cada grupo será a lingua materna predominante entre nenos e nenas que formen parte do mesmo (a lingua predominante no Concello de Lourenzá é o Galego).

Atenderase de maneira individualizada a aqueles nenos e nenas do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.”

VIXÉSIMO CUARTA.- Engádese de novo o Artigo 27.- Actividades Extraescolares, (antes aparecía como un parágrafo do Artigo 20) pero mantén o mesmo contido:

“Artigo 27.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Todas aquelas actividades que ao longo do curso sexan organizadas polo centro en colaboración con outras entidades (Antroido, festa fin de curso,...).”

VIXÉSIMO QUINTA.- Os Artigos 18,19 e 20 pasan a ser os Artigo 28.- Obxectivos, Artigo 29.- Reunións e Artigo 30.- Información e Atención aos Pais/Nais, Titores/as e Representantes Legais, co mesmo contido, e engadíndose como noutros casos á referencia aos representantes legais ademais dos pais, nais e titores e sendo do seguinte tenor:

“Artigo 28.-OBXECTIVOSArtigo

A relación cos pais, titores/as e representantes legais, que deberá ser en todo caso fomentada polo PAI, ten como principais obxectivos:

a) Transmisión mutua de información sobre actitudes e o comportamento dos nenos e nenas.

b) Compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, actividades, etc., apoiándonos na axenda diaria que os nenos e nenas levan tódolos días ó centro.

Artigo 29.- REUNIÓN.S.

1. Os pais, nais ou titores/as e representantes legais dos nenos e nenas poderán solicitar reunión co persoal responsable do PAI sempre e cando non dificulte a boa marcha do mesmo.

2. Co fin de garantir a necesaria cooperación cos pais, nais ou titores dos nenos e nenas ou representantes legais, realizaranse reunións, que terán lugar nas dependencias do centro, despois da convocatoria por escrito.

Artigo 30.- INFORMACIÓN E ATENCIÓN AOS PAIS/NAIS, TITORES/AS E REPRESENTANTES LEGAIS.

1. Os pais, nais ou titores/as e representantes legais dos nenos e nenas terán dereito a solicitar canta información precisen sobre a atención recibida polos nenos e nenas.

2. En todo caso, o centro informará ó principio do curso dos horarios de atención e información ós pais, nais ou titores/as e representantes legais dos nenos e nenas.”

VIXÉSIMO SEXTA.- O Capítulo VII.- TARIFAS, pasa a ser o CAPÍTULO X.-

REXIME DE COBRAMENTO, e o Artigo 15, pasa a ser o Artigo 31.-

Tarifas, cun contido equivalente, cunha única modificación, indicando a entidade bancaria onde facer o ingreso, a saber:

“Artigo 31.- TARIFAS

As tarifas establecidas pola prestación deste servizo de asistencia infantil están recollidas na ordenanza municipal correspondente e son as que figuran no ANEXO I deste Regulamento.

A forma de pago farase efectivo durante os 10 primeiros días do mes a pagar, nas oficinas bancarias do Santander.”

VIXÉSIMO SÉTIMA.- Engádese un Capítulo coa NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUCTURA DO CENTRO, co Artigo 32.- Medidas de Seguridade e Hixiene

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

do Centro, co contido que se expón a continuación (parte aparecía xa no punto onceavo do antigo artigo vinte un):

“Artigo 32.- MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE DO CENTRO

O centro está dotado de alarma contra incendios; detectores de fume, extintores segundo a normativa vixente. Os extintores son revisados e inspeccionados anualmente por técnicos competentes. As saídas de emerxencia están debidamente sinalizadas.

O centro posúe unha caixa de primeiros auxilios. Tamén se realizan periodicamente análises de desinfección, desinsectación e desratización (DDD). O centro conta con:

a) Plan de Autoprotección implantado (formación para a actuación nos casos de emerxencia e evacuación) e inscrito no REGAPE.

b) Póliza de responsabilidade civil e de accidentes.

c) Póliza de sinistros/danos

d) Libro de reclamacións a disposición dos usuarios.

e) Proxecto Educativo do Centro a disposición dos pais, nais ou titores/as e representantes legais.

f) Libro de Rexistro de Usuarios.

g) Expediente individual.

VIXÉSIMO OITAVA.- Finalmente, inclúese a Disposición Derradeira co mesmo contido que no anterior Regulamento, unicamente cunha nova alusión o Decreto 329/2005 de 28 de Xullo, sendo polo tanto o seu contido o que segue:

“DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Para o non previsto neste regulamento estarase ó exposto na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e regulamentos que a desenvolven, e na Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, Lei 3/2011 de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG nº 134, do 13 de xullo), e demais normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores; ademais do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.”

É a miña proposta, non obstante o Pleno acordará o que estime procedente.”

SEGUNDO.- Expoñe-lo ó público por prazo de trinta días hábiles considerando que queda aprobado definitivamente no caso de que non se presentasen reclamacións ó mesmo de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora do Réxime Local e no artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local

O acordo definitivo resolvendo, no seu caso, as reclamacións presentadas e a nova redacción do Regulamento modificado haberá de ser publicado no B.O. de la Provincia, segundo dispón o número catro do mesmo artigo e Lei xa citados.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A

Concello de Lourenzá



Concello de Lourenzá

NÚMERO 119 DE 25/02/2019 ATA A NÚM. 219 DE 27/03/2019.

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucíons da Alcaldía dende a número 0119/18 de data 25/02/2019 ata a número 0219/19 de data 27/03/2019 , ambas inclusive.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

NO PROCEDEN NESTE PLENO.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506